

> Ruta 3 Punta Segaña

Nesta terceira ruta circular de dez quilómetros que comeza e remata no Centro Instrutivo, Recreativo e Social de Cervás (CIRs), subiremos primeiramente a Montefaro, que con 266 metros é o punto máis alto do Concello de Ares, para a continuación baixar ata a Punta Segaña e volver ao punto de inicio por Chanteiro. Ao longo do percorrido, poderemos visitar o Mosteiro de Santa Catalina e explorar os restos das antigas construcións militares que defenderon no pasado o golfo Ártabro. Desfrutaremos das impresionantes vistas da ría de Ferrol e da de Ares, da cidade da Coruña e, en días de boa visibilidade, incluso da costa de Malpica coas Illas Sisargas. A praia de Chanteiro ou a Ermida da Mercé son outros dous puntos do patrimonio aresán a destacar neste percorrido.

Esta ruta de sendeirismo foi posta en marcha grazas ás axudas a concellos para actuacións de embelecemento do litoral galego, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU.



 @concellodeares
 Concello de Ares
 @ConcellodeAres



www.concellodeares.gal



+ Info da ruta



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



camiños de Ares

Ruta 3 Punta Segaña



CONCELLO
DE ARES

OS POSTES SINALIZADORES
DESTE ITINERARIO CONTAN CUN
NÚMERO 3 EN COR MORADA

DISTANCIA > 10.340 metros
DIFICULDADE TÉCNICA > Moderada-alta

DESNIVEL POSITIVO > 337 metros
DESNIVEL NEGATIVO > 337 metros



Dirección
correcta



Dirección
equivocada



Cambio
dirección



Presenza de
riscos varios



Perigo de caída
distinto nivel



Perigo de
tropezo

// **Anímate a coñecer unha
parte distinta de Ares a
través do sendeirismo!**